

TRABALLADORA SOCIAL / TÉCNICA DE PROXECTOS

A **Asociación de Familias Monomarentais de Galicia (FAGAMOS)** ven de abrir un proceso de selección para cubrir o posto de TRABALLADORA SOCIAL/TÉCNICA DE PROXECTOS da Asociación. Somos unha entidade sen ánimo de lucro cuxo obxectivo é apoiar e representar ás familias galegas nas que a responsabilidade da crianza recae por completo nunha soa persoa, na maior parte dos casos mulleres, e de reivindicar equidade e visibilidade para o noso modelo de familia ante a sociedade e ante as institucións. FAGAMOS está inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2021/024679-1º e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais de Galicia (RUEPSS), e forma parte da Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentais (REEFM). Como beneficiaria da subvención destinada ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, cofinanciada polo Fondo Social Europeo plus no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, seleccionamos:

Perfil

MULLER VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO, CON TITULACIÓN EN TRABALLO SOCIAL E EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE PROXECTOS DIRIXIDOS A COLECTIVOS VULNERABLES

Imprescindible

- Condición de vítima de violencia de xénero.
- Inscrita no Servicio Público de Emprego de Galicia.
- Titulación en Traballo Social ou similar.
- Experiencia en xestión de proxectos sociais.
- Dominio paquete Office.
- Fiabilidade técnica.

Valorable

- Experiencia en intervención social e atención directa a colectivos vulnerables.
- Formación económica e/ou financeira.
- Motivación ou vinculación coa monoparentalidade.
- Residencia na zona de Barbanza ou Compostela.

Funcións do posto

En dependencia da Dirección Técnica e da Xunta Directiva, a persoa seleccionada responsabilizarase da elaboración de programas sociais destinados ás familias monoparentais galegas, promoción e sensibilización social, así como ao seguimento e xustificación dos mesmos. Ocuparase de:

- Procura de convocatorias de subvencións e axudas.
- Xestionar a planificación, seguimento e avaliación da execución dos proxectos sociais.
- Xestionar a xustificación económica dos proxectos e o seguimento orzamentario.
- Planificación e organización de actividades e apoio para o seu desenvolvemento.
- Xestión coa administración local, provincial, autonómica e estatal.

Condicións

- Contrato de 12 meses.
- Xornada 40 horas semanais.
- Incorporación inmediata.
- Flexibilidade horaria con posibilidade de teletraballo.
- Convenio Acción e Intervención Social, grupo 2.
- Enviar CV a info@fagamos.com ata o **20/08/2023**